

## **O Concello de Coles executa actuacións para a mellora do saneamento financiadas pola Unión Europea.**

O Concello de Coles vén de executar a actuación denominada **“Rehabilitación de tramo de colector en Sobral e dixitalización de infraestruturas de saneamento no Concello de Coles”**, destinada á mellora do funcionamento da rede municipal de saneamento e á redución de infiltracións.

Os traballos realizados permitiron optimizar o rendemento do sistema, mellorar o control das infraestruturas e avanzar na súa dixitalización, contribuíndo así a unha xestión máis eficiente e sostible do ciclo urbano da auga.

Esta actuación foi financiada a través dunha subvención concedida por Augas de Galicia no marco do procedemento AU300D, dirixido a concellos de menos de 20.000 habitantes para a execución de actuacións de mellora nas redes de saneamento.

O investimento total executado ascendeu a **53.774,93 €**, dos cales **44.442,09 €** foron financiados mediante subvención pública.

Esta actuación está **financiada pola Unión Europea-NextGenerationEU**, no marco do **Plan de recuperación, transformación e resiliencia**, a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

O Concello de Coles reafirma así o seu compromiso coa mellora dos servizos públicos, a protección do medio ambiente e a modernización das infraestruturas municipais.